
LEVIATÁN

Texto e ilustracións de RAMÓN TRIGO

Encadernado en cartonné. 24,5 x 18,5 cm. 36 páx. 14 €.

PREMIO LAZARILLO DE ÁLBUM ILUSTRADO 2012

PREMIO ISAAC DÍAZ PARDO AO MELLOR LIBRO ILUSTRADO (AGE) 2014

Leviatán (galego)

ISBN 978-84-15250-82-1. Faktoría K de Libros.

Leviatán (castelán)

ISBN 978-84-15250-81-4. Faktoría K de Libros.


*A illa movíase ao lonxe, de forma case imperceptible.
Perseguímosla durante moito tempo, sen darlle alcance,
mais sabíamos que, antes ou despois, se detería.
Un día esfumouse...*

“Leviatán” é unha proposta pictórica do artista Ramón Trigo, de imaxes rotundas para unha historia novidosa e enigmática na que abundan as referencias a outros textos, dende “Moby Dick” ao “Libro dos Salmos”. No fondo, é un traballo cunha importante carga simbólica: a complexa relación entre os seres humanos e a natureza, as agresións que sofre o planeta que, malia todo, continúa o seu cíclico devir.

Dende o punto de vista artístico, “Leviatán” destaca pola forza e pola expresividade das ilustracións, representadas cunha paleta de cores básica e trazos esquemáticos. A multiplicidade de planos e perspectivas suxire un plantexamento cinematográfico na sucesión das imaxes, ao ritmo da lectura. Ramón Trigo non escatima en metáforas visuais e sorprendentes xogos humorísticos nun único e desacougante escenario: o océano.

A nivel literario, trátase dunha historia con estrutura circular, a base de frases breves e descritivas. En conxunto, un texto onde o misterio atrapa a atención dos lectores, que son partícipes das peripecias da tripulación dun barco na súa ardua persecución dunha enorme balea, como alegorías do mundo e dos seus insensibles habitantes.

www.FAKTORÍA  DE LIBROS .com
comunicacion@faktoriakdelibros.com



-
- **Temática:** metáfora sobre a relación entre os seres humanos e a natureza.
 - **Idade recomendada:** a partir de 12 anos; adultos.
 - **Aspectos destacables:** texto simbólico, referencias aos clásicos; metáforas e xogos visuais; do ilustrador de “O pirata pata de lata” (KALANDRAKA).
-

Ramón Trigo

(Vigo, 1965)

De formación autodidacta, iniciou a súa traxectoria artística como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan da década de 1980; dende entón ilustra libros para varias editoriais e realiza exposicións, ademais da súa faceta como escultor. A súa obra presentouse en Alemaña, Bélxica, Lituania, Italia e Portugal. Foi incluído na selección The White Ravens. Entre os galardóns recibidos figuran o Premio Arte Xoven Galego, os premios de álbum ilustrado infantil Cidade de Alacante e Cabildo de Gran Canaria, e o Premio Lazarillo.

<http://www.ramontrigo.com>

